

ACTIVIDADE TRATAMENTO:

24. XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

RESPONSABLE

Parlamento de Galicia. [http:// www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión:

pdcp@parlamentodegalicia.gal

Teléfono: 981 551 300

DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS

Letrada do Parlamento de Galicia, D^a María Aneiros González

Dirección postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: dpd@parlamentodegalicia.gal

BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos (art. 6.1.e. do RXPd).

FINS

Xestión da Xunta Electoral de Galicia. Trátase do órgano da Administración electoral, de carácter permanente, que ten por cometido garantir a obxectividade e transparencia do proceso electoral e o principio de igualdade das entidades políticas que concorren a un proceso electoral. A custodia da súa documentación

corresponde á Secretaría da Xunta Electoral, que recae na figura do Letrado Maior do Parlamento de Galicia (art. 15.2 da Lei 8/1985, de 13 agosto de eleccións ao Parlamento de Galicia. O Parlamento tamén ten coma función dispoñer dos medios persoais e materiais para o exercicio da súa función (art.16 Lei 8/1985).

CATEGORÍAS DE INTERESADOS

Membros da Xunta Electoral de Galicia. Persoas relacionadas cos órganos da Xunta Electoral, e representantes legais para a presentación de candidaturas ante dita Xunta.

CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS

Datos persoais: Datos de carácter identificativo: nome, apelidos, dirección, teléfono, DNI/NIF, pasaporte ou calquera documento acreditativo de identidade, enderezo electrónico.

Outros : Entidade ou organismo, cargo.

Documentación electoral: censo.

Datos económicos: datos bancarios e tributarios.

DESTINATARIOS

Non está prevista cesión de datos. Agás nos casos que sexa necesario para a Administración electoral, a Administración de Xustiza, Administración pública con competencia na materia, e Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

Nas circunstancias que concorran implicacións económicas cederanse os datos nos casos previstos legalmente, así como ás entidades bancaria na que dispón conta o interesado e, se é o caso, á AEAT.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

CONSERVACIÓN DOS DATOS

Conservaranse os datos conforme aos prazos estipulados por lei.

MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

Avaliación de risco: As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguranza.

Responsable de seguridade TIC: Oficialía Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.

Procedementos e sistemas de seguridade: conforme ao disposto na normativa interna de aplicación: “Política de Seguridade da Información do Parlamento de Galicia”.